



Nadal
2010
Museo
Pazo
de Tor
Rede Museística
Provincial

NADAL 2010

Museos da Rede Museística da Deputación de Lugo
Museo Provincial de Lugo / Museo Provincial do Mar
Museo Etnográfico San Paio de Narla / Pazo de Tor

Os museos integrados na Rede Museística da Deputación de Lugo tentan ano a ano satisfacer a demanda de todas aquelas persoas, especialmente dos máis pequenos, que queren aproveitar o período vacacional para acrecentar os seus coñecementos e experiencias tendo como referentes a arte, a historia e a cultura.



MUSEOS E MEMORIA

A memoria é o excelente tema que desde o ICOM se nos propón como eixo central das celebracións arredor do Día Internacional dos Museos para o ano 2011. Unha decisión que desde a Rede Museística aplaudimos e á que nos sumamos de inmediato.

A importancia deste tema non é algo que incumbe soamente a institucións culturais como a nosa. Tamén os arquivos e as bibliotecas son gardiáns da memoria colectiva e é por iso polo que o ICOM iniciou unha estreita cooperación institucional co Programa Memoria do Mundo da UNESCO, o Consello de Coordinación das Asociacións de Arquivos Audiovisuais (CCAAA), o Consello Internacional de Arquivos (ICA), o Consello Internacional de Monumentos e Sitios (ICOMOS) e a Federación Internacional de Asociacións e Institucións Bibliotecarias (IFLA).

Por todo iso e sumándonos ao esforzo dos diversos colectivos culturais que se farán eco desta proposta ao longo do vindeiro ano, preparamos un programa especial para este Nadal coa memoria como eixo temático central, programa que só é un anticipo dunha ampla e variada oferta dedicada á memoria que poñeremos en marcha durante todo o ano 2011. Concienciar á sociedade sobre a rehabilitación da memoria cultural e lingüística dos que nos precederon na vida e asegurar a transmisión do noso patrimonio ás seguintes xeracións é o obxectivo.

Todas as actividades incluídas neste programa potencian novas capacidades cognitivas:

- » Aprender a coñecer
- » Aprender a ser
- » Aprender a vivir xuntos
- » Aprender a facer

E sobre todo: EMOCIÓN, a importancia da emoción e o asombro na arte de medrar.



BLOQUE 1:

O MUSEO CONTA A SÚA HISTORIA... A NOSA / VOSA HISTORIA

Dedicaremos este bloque á reconstrución da memoria de cada museo de maneira que forme parte da memoria de cada un.

» OBRADOIRO DE MONICREQUES

Impartidos por: Arte Menudo, Marta Prieto, Diego Seivane, Encarna Lago, Francisca Abuín, Ángeles Rivada e Amelia Pernas.

Museos e datas:

Museo Provincial do Mar, San Cibrao: mércores, 22 de decembro, pola tarde.

Museo Pazo de Tor, Monforte de Lemos: xoves, 23 de decembro, pola mañá.

Museo de San Paio de Narla, Friol: xoves, 23 de decembro, pola tarde.

BLOQUE 2:

OS OBXECTOS CONTAN A TÚA HISTORIA

¿Que información nos facilitan os obxectos? Trataremos de responder neste bloque esta pregunta e probaremos como un pequeno fragmento cerámico nos pode dar información fiable, veraz e a abundante para a reconstrución da historia.

» OBRADOIROS DE CERÁMICA: “COCENDO A VERDADE”

Impartidos por: Enrique Alcorta, Encarna Lago e Pepa Lombao, artesá de cerámica de Bonxe.

Museos e datas:

Museo de San Paio de Narla, Friol: luns, 27 de decembro, pola tarde.

Museo Provincial do Mar, San Cibrao: mércores, 29 de decembro, pola tarde.

Museo Pazo de Tor, Monforte de Lemos: luns, 3 de xaneiro, pola tarde

» OBRADOIROS SOBRE A MEMORIA DOS SOPORTES: “DO PAPEL Á WEB”

Impartidos por: Encarna Lago, Sara Campos e Juan I. Márquez.

Museos e datas:

Museo de San Paio de Narla, Friol: martes, 28 de decembro, pola mañá.

Museo Provincial do Mar, San Cibrao: xoves, 30 de decembro, pola mañá.

Museo Pazo de Tor, Monforte de Lemos: martes, 4 de xaneiro, pola mañá.

BLOQUE 3:

EL / ELA CONTA A TÚA HISTORIA

A memoria conta na tradición oral cun dos seus máis antigos aliados para perpetuarse ao longo do tempo. Neste bloque veremos diferentes formas de tradición oral que serviron e aínda serven como vehículo da memoria. Como se escribe a historia oral: os relatos, as crónicas, as pequenas historias..., que investiga a historia oral: mentalidades, cultura, cotidianidade.

Colaboradores e formadores: Encarna Lago, Francisca Abuín, Ana Ferro, Ángeles Rivada, María González, Amelia Pernas, veciños de San Cibrao, veciños de San Paio e veciños de Tor.

Temas:

Os mariñeiros falan de nós.

De escola a museo, de museo a escola

Toribia cóntache

Serpentina cóntache

Cipriana cóntache

Museos e datas:

Museo de San Paio de Narla, Friol: martes, 28 de decembro, pola tarde.

Museo Provincial do Mar, San Cibrao: mércores, 29 de decembro, pola tarde.

Museo Pazo de Tor, Monforte de Lemos: martes, 4 de xaneiro, pola tarde.

E ademais:

“*Contando aos sete ventos. De mares contos e ventos*” (música e contos), con **Manolo Panforreteiro**, no Museo Provincial do Mar, San Cibrao, o sábado, 18 de decembro ás 12:30 horas.



BLOQUE 4:

TODOS CONTAMOS NESTA HISTORIA

Neste bloque traballaremos a diversidade e a inclusión. Abordaremos a inclusión desde o punto de vista da xestión pública. E gozaremos dun obradoiro de coiro que nos botará moita luz sobre a memoria.

» OBRADOIRO: DENDE A LUZ DA ESCURIDADE

Impartido por: Pilar Yáñez e Encarna Lago.

Museos e datas:

Museo de San Paio de Narla, Friol: luns, 27 de decembro, pola mañá.
Museo Provincial do Mar, San Cibrao: mércores, 29 de decembro, pola mañá.
Museo Pazo de Tor, Monforte de Lemos: luns, 3 de xaneiro, pola mañá.

» XORNADAS SOBRE XESTIÓN PÚBLICA INCLUSIVA E ACCESIBLE PELEXAR POLO POSIBLE, LOITAR POLO INVISIBLE

(Avance do programa específico destas xornadas que precisarán inscrición previa)

Museos, temas e datas:

» Museo Provincial do Mar, San Cibrao

Sábado, 18 de decembro

Temas: As barreiras da comunicación. Programa de Xestión Pública Inclusiva: Presentación do proxecto de eliminación de barreiras. Comunicación e nova montaxe do Museo Provincial do Mar.

Venres, 7 de xaneiro

Temas: Programa de Xestión Pública Inclusiva: Teatro aplicado á responsabilidade social (Programa aberto, inscrición previa mañá e tarde).

» Museo de San Paio de Narla, Friol

Domingo, 19 de decembro

Temas: A responsabilidade social dun museo. Actos solidarios: Sahara, memoria e esquecemento.

Domingo, 9 de xaneiro

Temas: Arte como Integración. San Paio de Narla

» Museo Pazo de Tor, Monforte de Lemos

Luns, 20 de decembro

Temas (Actividades prácticas): Programa Museos e Memoria 2007-2011: Alzheimer. Reminiscencias e lembranzas. A cociña da memoria con AFAMON (Programa pechado para afectados, familiares e cuidadores AFAMÓN).

Sábado, 8 de xaneiro

Temas (Actividades prácticas): Programa Xestión Pública Inclusiva. Tratamos capacidades e diversidade: capacitemos, recapitemos, non discapitemos (Programa aberto, inscrición previa mañá e tarde).

NOTA IMPORTANTE

As inscricións para as actividades que o requiran debe realizarse preferentemente nos museos onde se realiza a actividade. O prazo para realizar estas inscricións considérase aberto a partir do anuncio desta convocatoria nos medios de comunicación habituais (e na web www.museolugo.org) e ata que se cubran as prazas previstas por rigorosa orde de inscrición. Inscrición gratuíta.

Contactos:

Museo Etnográfico San Paio de Narla

Torre de Xiá / 27220 Friol (Lugo) / Tfno.: 982 375 156 / sanpaiodenarla@museolugo.org / xerencia@museolugo.org / www.museolugo.org.

Horario: Desde 1 de outubro ao 31 de marzo (martes a venres: de 11 a 14 e de 16 a 18 h., sábados, domingos e festivos, de 12 a 14 e de 16 a 18 h. Permanecerá pechado os luns e os días 1 de xaneiro, 24, 25 e 31 de decembro. **Entrada gratuíta.**

Museo Provincial do Mar

Avenida da Mariña s/n / 27890 San Cibrao, Cervo (Lugo) / Tfno.: 982 594572 / museodomar@museolugo.org / xerencia@museolugo.org / www.museolugo.org.

Horario: De outubro a maio (Martes a sábado: 11 a 14 e 16 a 19 h., domingos e festivos: 11 a 14. Permanecerá pechado os luns e os días 1 de xaneiro, 24, 25 e 31 de decembro.

Entrada gratuíta.

Museo Pazo de Tor

San Xoán de Tor / 27591 Monforte de Lemos (Lugo) / Tfno.: 982 165534 / pazodetor@museolugo.org / xerencia@museolugo.org / www.museolugo.org.

Horario: De martes a domingo (visitas guiadas ás 11, 12:30, 16:30 e 18 h. Permanecerá pechado os luns e os días 1 de xaneiro, 24, 25 e 31 de decembro. **Entrada gratuíta.**

Xerencia da Rede Museística

Tfno.: 620 280 203 / xerencia-redemuseos@deputacionlugo.org / xerencia@museolugo.org